



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

##### Anuncio

**Resolución do 14 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se outorga a autorización administrativa previa e se aproba o proxecto de execución da infraestrutura gasista consistente nun módulo de mestura e inxección, na rede de distribución de gas natural en Lugo, do hidróxeno verde producido no Centro de Innovación Norvento Enerxía en Lugo, promovida pola empresa Nedgia Galicia SA (expediente IN627A 2023/3-0).**

##### FEITOS

1. O 24.04.2023 Nedgia Galicia SA (en adiante, promotor) presentou ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (en adiante, DXPERN) a solicitude de autorización administrativa previa e de aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista consistente nun módulo de mestura e inxección, na rede de distribución de gas natural en Lugo, do hidróxeno verde producido no Centro de Innovación Norvento Enerxía en Lugo, á que se lle asignou o nº de expediente IN627A 2023/3-0.

Esta solicitude acompañouse, ou completouse posteriormente, coa seguinte documentación técnica:

- Proxecto de execución denominado “Proxecto de autorización administrativa e de execución de instalacións para o módulo de mestura e inxección na rede de distribución de gas natural de Lugo, do hidróxeno verde producido no CINE de Norvento en Lugo (Lugo)”, asinado o 21.04.2023 pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba (colexiada nº 25.430 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Madrid); e no que figura un orzamento de 220.838,51 €.
- Declaración responsable asinada o 21.04.2023 pola técnica proxectista sobre o dito proxecto, esixida no artigo 19 do Decreto 51/2022, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG nº 65, do 1 de abril).
- Separatas técnicas do dito proxecto para as seguintes entidades afectadas nos seus bens ou dereitos polo dito proxecto: Concello de Lugo.
- Escrito asinado o 05.06.2023 polo promotor, no que fai constar que ten un acordo con Norvento Enerxía SL, titular da parcela onde se ten proxectado instalar o módulo de mestura e inxección.

Segundo se desprende do dito proxecto, contéplase a implantación dun sistema de inxección de hidróxeno verde, producido no Centro de Innovación Norvento Enerxía (CINE), na rede de distribución de gas natural no termo municipal de Lugo, así como a construción dunha canalización (obxecto doutro proxecto) para a conexión deste módulo coa rede de gas natural. O módulo de inxección, que se instalará nunha parcela do CINE de Norvento Enerxía SL (ref. catastral: 7765909PH1676N0001BL), está deseñado para mesturar, regular, medir e controlar a inxección de hidróxeno na rede de distribución de gas natural de forma que a mestura sexa entre 0,5-5%v/v de hidróxeno, en cumprimento das especificacións de calidade do apartado 4 da “Resolución do 08.10.2018, da *Dirección Xeral de Política Energética y Minas*, pola que se modifican as normas de xestión técnica do sistema NGTS-06, NGTS-07 e os protocolos de detalle PD-01 y PD-02”. Os parámetros e condicións serán os seguintes:

- Subministración de hidróxeno por parte de Norvento: 30 barg.
- Fluxo máximo de hidróxeno: 27,81 Nm<sup>3</sup>/h.
- Fluxo máximo de gas natural: 4.437,45 Nm<sup>3</sup>/h.
- Pureza do hidróxeno: 99,99 %.
- Presión da rede de gas natural: 4 barg.
- Concentración final de hidróxeno con respecto ao gas natural: 0,5 - 5 % v/v.

- Temperatura ambiente: 25 °C.

2. O 07.06.2023 a DXPERN ditou resolución pola que se someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución do referido expediente.

Esta resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (10.07.2023), no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* (28.06.2023) e nos xornais *La Voz de Galicia* (27.06.2023) e *La Región* (27.06.2023). Así mesmo, estivo exposta, xunto coa documentación sometida a información pública, nas dependencias da DXPERN e da Xefatura Territorial de Lugo desta consellería (en adiante, xefatura territorial), así como no portal de transparencia desta consellería.

Durante o período de información pública non se presentaron alegacións ao proxecto.

3. O 09.06.2023 a DXPERN trasladou as separatas técnicas do referido proxecto de execución, para os efectos de obter o seu informe ao respecto, ás seguintes entidades con bens ou dereitos afectados polo mesmo: Concello de Lugo.

A respecto da dita entidade, que non contestou á petición de informe nin á súa reiteración, e sen prexuízo da autorización que lle corresponda outorgar, enténdese a súa conformidade coa autorización da infraestrutura gasista proxectada, de acordo co disposto nos artigos 80 e 84 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.

4. O 07.09.2023 a xefatura territorial remitiu á DXPERN, en contestación á súa petición, a seguinte documentación para incorporar ao referido expediente:

- Certificado expedido o 05.09.2023, pola xefatura territorial, na que se certifica que o referido proxecto estivo exposto nas súas oficinas, durante 20 días dende a publicación no DOG da resolución de información pública, e que non se presentaron alegacións ao respecto.
- Informe emitido o 06.09.2023, polos servizos técnicos da xefatura territorial, no que se considera procedente aprobar o proxecto de referencia e autorizar a realización das obras que comprende, sen prexuízo daquelas autorizacións que foran esixibles por outros órganos da Administración.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A DXPERN é competente para resolver este expediente, de conformidade co disposto no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG nº 113, do 15.06.2023) e no artigo 28 do Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (DOG nº 126, do 04.07.2022), en relación coa Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; co Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural; e coa Orde da Consellería de Industria e Comercio do 30.11.1999 sobre a tramitación de autorizacións administrativas das canalizacións de gas (DOG nº 244, do 21.12.1999).
2. O referido expediente tramitouse de acordo co procedemento establecido no título IV do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, en cumprimento do disposto na disposición adicional primeira do Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 22, do 01.02.2017).

De acordo con todo o anterior, **RESOLVO**

1. Outorgar a autorización administrativa previa para a infraestrutura gasista consistente nun módulo de mestura e inxección, na rede de distribución de gas natural en Lugo, do hidróxeno verde producido no Centro de Innovación Norvento Enerxía en Lugo, promovida pola empresa Nedgia Galicia SA.
2. Aprobar o proxecto de execución da citada infraestrutura gasista titulado “Proxecto de autorización administrativa e de execución de instalacións para o módulo de mestura e inxección na rede de distribución de gas natural de Lugo, do hidróxeno verde producido no CINE de Norvento en Lugo (Lugo)”.

Todo isto de acordo coas seguintes condicións:

1. O promotor, Nedgia Galicia SA, constituirá no prazo de dous meses, a contar dende o momento do outorgamento da autorización, unha fianza por valor de 4.416,77 €, importe do 2% do orzamento das instalacións, para garantir o cumprimento das súas obrigas, conforme ao previsto no artigo 73.4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e no artigo 82 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro. A devandita fianza constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11.3 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre o réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias, e será devolta unha vez se formalice a acta de posta en marcha das instalacións.
2. As instalacións que se autorizan realizaranse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto presentado polo promotor, titulado “Proxecto de autorización administrativa e de execución de instalacións para o módulo de mestura e inxección na rede de distribución de gas natural de Lugo, do

hidróxeno verde producido no CINE de Norvento en Lugo (Lugo)”, asinado o 21.04.2023 pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba (colexiada nº 25.430 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Madrid); e no que figura un orzamento de 220.838,51 €.

3. As instalacións e as súas montaxes deberán cumprir as disposicións e normas técnicas que en xeral sexan de aplicación e, en particular, as correspondentes ao Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos coas súas instrucións técnicas complementarias e as normas que os cumprimentan, regulamentos electrotécnicos, normas UNE e demais normativa e directrices vixentes, así como cantas as substitúan ou se diten a nivel estatal ou desta Comunidade Autónoma, e deberán preverse para responder aos avances tecnolóxicos no eido do gas e lograr abastecementos flexibles e seguros.
4. Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa da DXPERN; non obstante, a xefatura territorial poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar á DXPERN todas as resolucións que dite en aplicación da citada facultade.
5. O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución. Unha vez construídas as instalacións autorizadas, o promotor deberá presentar a solicitude de posta en servizo ante a xefatura territorial, quen deberá estendela tras as comprobacións técnicas que considere oportunas.
6. En canto aos bens e dereitos afectados polas instalacións que se autorizan e adscritos ás distintas Administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral, o promotor procederá a realizar os correspondentes cruzamentos e afeccións de acordo cos condicionados e informes emitidos por estes.
7. A canalización de hidróxeno verde producido no CINE por Norvento Enerxía SL, que se conectará ao módulo que se autoriza nesta resolución, deberá contar co informe do Xestor Técnico do Sistema, conforme ao esixido para as liñas directas de inxección no artigo 78.5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e a dita conexión deberá cumprir co condicionado establecido no mesmo.
8. O incumprimento das condicións e requisitos establecidos nesta resolución ou a variación substancial dos orzamentos que determinaron a súa adopción poderán dar lugar á súa revogación, previa audiencia ao promotor, de conformidade co disposto no artigo 73.6 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.
9. Esta resolución adóptase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras da referida infraestrutura gasista, en especial as relativas á ordenación do territorio e ao medio ambiente, tal e como dispón o Título IV do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro.
10. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, de acordo co establecido no artigo 81.5 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023.- O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Pablo Fernández Vila.

R. 3082

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

### *Anuncio*

**Acordo do 25 de setembro de 2023, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo, polo que se someten a información pública o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental da ampliación da autorización de aproveitamento de recursos mineiros da sección A) denominada "Miragres" número 277, situada no termo municipal de Mondoñedo, na provincia de Lugo**

En cumprimento do disposto no artigo 23 da Lei 3/2008, de ordenación da minería de Galicia, no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 6 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométense ao trámite de información pública o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental, achegados xunto coa solicitude de ampliación da autorización de aproveitamento de recursos mineiros da sección A) denominada "Miragres" número 277, presentada por Rosendo Díaz Marful e situada no termo municipal de Mondoñedo, na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo, e no portal web da dita Consellería <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/entramitacion/explotacions-mineiras>. As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao xefe territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 25 de setembro de 2023.- O xefe territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3081

## CONCELLOS

### BURELA

#### *Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-0969 de data 28/09/2023 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso que se levará a cabo para a selección de un/unha xardineiro/a ao abeiro do Programa "Reforzo de Emprego" incluído no Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2023:

**"BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA XARDINEIRO/A MEDIANTE A MODALIDADE DE FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP) AO ABEIRO DO PROGRAMA "REFORZO DO EMPREGO", INTEGRADO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.-"**

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a selección dun/dunha peón xardineiro/a ao abeiro do Programa "Reforzo do Emprego" incluído no Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2023.

Características do posto:

- Grupo/Subgrupo profesional: E (peón)
- Réxime Xurídico: Funcionarial (Funcionario interino do artigo 10.1.c/ "execución de programas de carácter temporal" do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- Duración do nomeamento: 6 meses e co límite temporal do 31 de outubro de 2024 .
- Xornada: completa (100%)
- Horario: Segundo necesidades do servizo.
- Retribucións mensuais: segundo Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual: salario grupo E 637,14; complemento de destino (nivel 14) 354,35 €; complemento específico: 147,070 €; parte proporcional de paga extra.

As funcións e tarefas dos postos serán as seguintes:

- Realización de tarefas de mantemento e coidado das zonas verdes do municipio
- Realización de tarefas de mantemento, conservación, limpeza e coidado das ferramentas, maquinaria e equipos necesarios para a realización de tarefas de xardinería.

Todo isto conforme o disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo e na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) do Concello e estarán a disposición das persoas interesadas no Rexistro Xeral do Concello; igualmente remitiranse á Deputación Provincial para a súa publicación na páxina web institucional.

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de edictos sito na casa consistorial e no taboleiro de anuncios dixital, exclusivamente. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realízase a través da sede electrónica do Concello de Burela (<http://burela.sedelectronica.es>).

## 2.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidas á realización destas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou título equivalente ou superior.

No caso de alegar equivalencias de títulos achegarse o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

g) Ter a condición de persoa desempregada ou en situación de mellora de emprego. De acordo co establecido no último parágrafo da base 11.1 das reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 “ E imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/das aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o tribunal de selección deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Así mesmo o Tribunal ten a facultade de poder excluír do procedemento selectivo a aquela persoa aspirante que leve a cabo calquera actuación de tipo fraudulento na realización dos exercicios que integran o proceso.

## 3. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

**3.1. Forma de presentación.** As persoas interesadas que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes á Sra. Alcaldesa do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 9,00 a 14,00 horas ou mediante rexistro telemático as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima). Non obstante, de cara a axilización do proceso, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante correo electrónico (controldexestion@burela.org) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, remitindo o impreso de instancia debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

**3.2. Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de **7 días naturais** contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

**3.3. Forma de cumprimentar.** A solicitude de participación no proceso selectivo deberá ser cumprimentada debidamente polas persoas aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

#### 4.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑARSE NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de persoas estranxeiras.
- b) Fotocopia do título académico esixido.
- c) Tarxeta de demanda de emprego actualizada ou documento acreditativo de estar desempregado ou, no seu caso, de mellora de emprego.
- d) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

No caso se presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

Os/as aspirantes que acheguen as solicitudes de participación e demais documentación preceptiva por vía electrónica, ao xuntar a documentación requirida, deberán identificar os diferentes documentos que xuntan nomeando os correspondentes pdf que achegan para a súa identificación por parte do servizo receptor da devandita documentación.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá ás persoas interesadas para que os acrediten.

Nos supostos de presentación por vía electrónica substitúese a esixencia de presentación de fotocopia da documentación pola de presentación de copia dixitalizada.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### 5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

**5.1. Listaxe provisional.** Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de persoas admitidas e, se é o caso, excluídas (neste suposto con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de persoas admitidas non suporá que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas admitidas decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación no procedemento de selección.

**5.2. Prazo de alegacións.** Concederase un prazo improrrogable de 2 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica do Concello. Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá se comunicada por correo electrónico ([controldexestion@burela.org](mailto:controldexestion@burela.org)) dentro do prazo de 2 días hábiles sinalado anteriormente.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento da persoa interesada, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

**5.3. Listaxe definitiva.** As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva, sen necesidade de nova publicación. No caso de non existir excluídos a lista provisional ditarase con carácter de definitiva.

## 6. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

**6.1.- Composición do Tribunal.** O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 presidente e 4 vogais) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. O secretario será un dos vogais.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo pertencer, en calquera caso, ao grupo/subgrupo de clasificación profesional de titulación de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso á praza/posto.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A resolución pola que se aprobe a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas coa designación dos membros do Tribunal que incluíra os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

**6.2.- Abstención e recusación.** Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollo ao órgano convocante, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Alcalde, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación.

Esta resolución farase pública nos mesmos lugares que a anterior.

**6.3.- Actuación do Tribunal.** O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

Se en calquera momento do proceso selectivo chagara a coñecemento do Tribunal que algúnha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, logo da audiencia do/a interesado/a, o Tribunal deberá propor ao Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

## 7. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O sistema de selección é o de concurso-oposición.

### 7.1.- FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar, a proposta do Tribunal e coa duración que este órgano de selección determine con carácter previo ao seu inicio.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminados aqueles/as que non obteñan un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

O Tribunal poderá realizar as preguntas e aclaracións que considere necesarias sobre a materia obxecto da proba.

Quedan excluídas do proceso as persoas aspirantes que non comparezan.

### 7.2. CONCURSO DE MÉRITOS

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso ás persoas aspirantes que superasen a proba práctica. Puntuación máxima nesta fase: 6 puntos.

Non terá carácter eliminatorio e nela valorarase o seguinte:

#### A) Titulacións académicas:

- Certificado de escolaridade: 0,25 puntos.
- Graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado en educación secundaria, graduado escolar, técnico auxiliar ou equivalente: 0,50 punto.
- Bacharelato, técnico especialista ou equivalente: 1 punto.

Puntuarase a titulación superior.

B) Cursos de formación: por asistencia a cursos de formación, seminarios, xornadas ou similares, relacionados co mantemento e limpeza de parques e xardíns, poda, tala e outros relacionados coa xardinería, ata un máximo de 3 puntos:

- Cursos de menos de 10 horas: 0,05 puntos
- Cursos de 10 a 30 horas: 0,10 puntos
- Cursos de 31 a 50 horas: 0,25 puntos
- Cursos de 51 a 70 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 71 a 99 horas: 0,75 puntos
- Cursos de 100 ou máis horas: 1 punto.

Puntuación máxima neste apartado: 3 puntos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

C) Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente. Ata un máximo de 0,50 puntos.

- Celga 1, certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia ou equivalente: 0,10 puntos.
- Celga 2, título de graduado escolar ou técnico auxiliar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos ou equivalente: 0,20 puntos.
- Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.
- Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

Neste apartado non poderán acumularse as puntuacións polos distintos cursos, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior.

D) Cursos de prevención de riscos laborais. Ata un máximo de 0,50 puntos.

- Ata 50 horas (equivalente o curso "online" de 60 h): 0,10 puntos
- de 51 a 249 horas: 0,25 puntos



- máis de 250 horas: 0, 50 puntos

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e como mínimo o título do mesmo, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

E) Estar en posesión do permiso de conducir clase “B”: 1 punto.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á referida na base 8ª, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

## **8.- FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS**

8.1. Titulacións académicas: copia compulsada do documento acreditativo de posuír a titulación correspondente ou certificación académica dos estudos realizados.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

8.2. Cursos, seminarios, xornadas ou similares: copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

8.3. Permiso de conducir: Fotocopia compulsada do permiso de conducir.

## **9.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA PROBA PRÁCTICA.**

Determinarase unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a listaxe provisional de persoas admitidas e, se é o caso, excluídas ao proceso.

Quedarán excluídos/as do proceso os/as aspirantes que non comparezan.

As persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, sendo excluídas do proceso as que non comparezan.

As persoas aspirantes deberán presentarse provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Comezado o exercicio, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

## **10.- CUALIFICACIÓN FINAL.**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas fases do proceso de selección para aquelas persoas aspirantes que teñan superada a proba práctica, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do/da aspirante que obtivese maior puntuación na proba práctica. De persistir o empate, este resolverase a favor daquel/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso e de persistir, estarase aos apartados do baremo pola orde establecida na base 7.2.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

## **11.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO.**

O Presidente do Tribunal, á vista da listaxe de persoas aspirantes seleccionadas e das puntuacións finais obtidas, formulará proposta de nomeamento ante o Sra. Alcaldesa, sen que poidan ser propostas máis persoas aspirantes que postos a cubrir

As propostas que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicárase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

## **12.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 11ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), as persoas aspirantes propostas presentarán a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 2ª:

- a) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de persoas estranxeiras.
- b) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do título académico esixido.
- c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Declaración responsable de non ter sido separadas do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Certificado actualizado da Oficina do Servizo Público de Emprego da localidade onde estea inscrito como desempregado/mellora de emprego, no que conste esta circunstancia.
- f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social onde conste o correspondente número de afiliación e certificación do número de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina.

Se a persoa aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 2ª, non poderá ser nomeada funcionario/a interino/a e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houberse podido incorrer.

No caso de presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela, admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

### **13.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.**

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que as persoas seleccionadas acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo efectuando o nomeamento como funcionarios/as interinos/as, formalizándose a toma de posesión.

Ata que non se formalice a mesma, as persoas aspirantes propostas non terán dereito a percibir cantidade económica algunha.

### **14.- ELABORACIÓN DUNHA lista DE RESERVA .**

Co fin de asegurar a cobertura da praza convocada no caso de que se produzan renuncias da persoa aspirante seleccionada con anterioridade ou posterioridade ao nomeamento ou á toma de posesión, o órgano de selección elaborará unha proposta complementaria (listaxe de reserva) na que figurarán as persoas aspirantes por orde de puntuación acadada e sempre que tiveran superado o proceso selectivo.

A citada listaxe será igualmente de aplicación no caso de cese do funcionario/a interino/a ou cando por calquera circunstancia sexa preciso proceder a un novo nomeamento durante o prazo de vixencia dos nomeamentos efectuados conforme ás presentes bases.

### **15.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.**

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, instándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación dos mencionados instrumentos xurídicos.

### **16.- RECURSOS.**

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

### **17.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As persoas interesadas autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados."

Burela, 29 de setembro de 2023.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

**COSPEITO***Anuncio*

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 28 de setembro de 2023, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

**1.I. Altas en Aplicacións de Gastos**

| Aplicación |           | Descrición                                      | Créditos iniciais | Modificacións de crédito | Créditos finais |
|------------|-----------|-------------------------------------------------|-------------------|--------------------------|-----------------|
| Progr.     | Económica |                                                 |                   |                          |                 |
| 341        | 22799     | Outros traballos realizados por outras empresas | 27.294,88 €       | 20.000,00 €              | 47.294,88 €     |
| 1532       | 21300     | Reparación de maquinaria, instalc. e utillaxes  | 2.500,00 €        | 45.000,00 €              | 47.500,00 €     |
| 459        | 22699     | Outros gastos diversos                          | 1.000,00 €        | 5.000,00 €               | 6.000,00 €      |
|            |           | TOTAL                                           | 30.794,88 €       | 70.000,00 €              | 100.794,88 €    |

**1.II. Financiamento**

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito que non altera a contía total ou parcial do orzamento do xeito que a continuación se detalla:

| Aplicación |           | Descrición                           | Créditos iniciais | Créditos definitivos | Modificacións de crédito | Créditos finais |
|------------|-----------|--------------------------------------|-------------------|----------------------|--------------------------|-----------------|
| Progr.     | Económica |                                      |                   |                      |                          |                 |
| 920        | 62600     | Equipos para procesos de información | 2.400,00 €        | 2.400,00 €           | 2.000,00 €               | 400,00 €        |
| 932        | 62600     | Equipos para procesos de información | 3.000,00 €        | 3.000,00 €           | 3.000,00 €               | 0,00 €          |
| 433        | 60900     | Outras inversións                    | 146.145,63 €      | 66.145,63 €          | 35.000,00 €              | 31.145.63 €     |
| 920        | 16000     | Seguridade Social                    | 56.381,00 €       | 56.381,00 €          | 30.000,00 €              | 26.381,00 €     |
|            |           | TOTAL                                | 207.926,63 €      | 127.926,63 €         | 70.000,00 €              | 57.926,63 €     |

En cumprimento do disposto nos artigos 179 y 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 40, 41 e 42 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, expónse ó público na Secretaría Municipal deste Concello por un período de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o referido prazo os interesados lexitimados, segundo o previsto no artigo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais e por algún dos motivos taxativamente enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito ante o Pleno da Corporación. O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación o suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 29 de setembro de 2023.- O Alcalde, Armando Castosa Alvareño.

R. 3084

**FRIOL***Anuncio*

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro do actual, prestou aprobación á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.

O que se somete ao trámite de información pública, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se insertará na sede Electrónica do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Entidade. No devandito prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixirse ao Sr. Alcalde-Presidente. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol, 29 de setembro 2023.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3085

### *Anuncio*

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro do actual, prestou aprobación á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

O que se somete ao trámite de información pública, durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se insertará na sede electrónica do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Entidade. No devandito prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixirse ao Sr. Alcalde-Presidente. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol, 29 de setembro de 2023.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3086

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

**MODIFICACIÓN REXIME DE DEDICACIONES DOS CONCELLEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO. Expte. 618/2023**

**Na sesión plenaria ordinaria de data 28 de setembro de 2023 adoptouse o seguinte acordo en materia organizativa cuxa parte dispositiva é a seguinte:**

(...)

**PRIMEIRO.-** Modificar as dedicacións parciais dos seguintes cargos coas correspondentes retribucións:

- Delegado da Área de Xuventude e Deportes: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 40%, debendo dedicar un mínimo de 16 horas semanais ás súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1200 € en 14 pagas.

- Delegada da Área de Promoción e Dinamización Económica (turismo, consumo, hostalería e comercio): desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 23%, debendo dedicar un mínimo de 10 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 690 € en 14 pagas.

- Delegado da Área de Cultura, Igualdade, Diversidade e Emprego: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 40%, debendo dedicar un mínimo de 16 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1200 € en 14 pagas.

**TERCEIRO.-** As dedicacións parciais terán efectos dende o día 1 de outubro de conformidade co disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015,

**CUARTO.-** As anteriores retribucións actualizaranse anualmente segundo o incremento anual fixado para os traballadores pola Lei de Presupostos do Estado.

**QUINTO.-** Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e no Boletín Oficial da Provincia.>>

O que se fai público en cumprimento do disposto na lexislación vixente.

Guitiriz, 29 de setembro de 2023.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3087

## LÁNCARA

### *Anuncio*

**Información pública**

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 28 de setembro de 2023 aprobou inicialmente a modificación da base 30ª das de execución do orzamento de 2023 e a modificación de créditos nº 12/2023, de concesión de suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería, consonte o disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 6.000,00 euros.

O expediente expoñense ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Láncara, 29 de setembro de 2023.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3088

## LUGO

### *Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público través do presente anuncio, o contido do acordo da Xunta de Goberno Local 16/720 adoptado na sesión celebrada o 27/09/2023 de aprobación das BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS Á ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DO BENESTAR SOCIAL. (EXERCICIO ECONÓMICO 2023).- a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, **no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do referido acordo Nº 16/720 da Xunta de Goberno Local:

**PRIMERO.-** Que se proceda á convocatoria de subvencións á asociacións e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido do benestar social para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial ou para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo estes programas e actividades, todo isto de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrência competitiva para o ano 2023.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de 38.000,00 € a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte da AREA DE COHESIÓN SOCIAL con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

**TERCEIRO.-** Aprobar as bases xerais reguladoras da convocatoria do seguinte teor literal:

**BASES XERAIS REGULADORAS DE ADXUDICACIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DO BENESTAR SOCIAL, PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE MERCADO INTERESE SOCIAL OU PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DAS INFRAESTRUTURAS NAS QUE SE DESENVOLVEN ESTAS ACTIVIDADES. (EXERCICIO ECONÓMICO 2023).-**

#### **Artigo 1. Obxecto e finalidade**

Estas bases teñen por obxecto a regulación da adxudicación de subvencións a asociacións e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido do benestar social a través de actividades de mercado interese social. Estas subvencións concédense dentro da Área de Cohesión Social do Concello de Lugo e para o exercicio económico 2023.

As liñas de subvención desta convocatoria son as seguintes:

Liña 1: Para desenvolvemento de programas e actividades.

Liña 2: Para mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas.

**Só se adxudicará subvención para unha única liña de subvención** de xeito que de presentar solicitude para as dúas liñas o órgano instrutor tramitará a presentada na liña de programas e actividades ao considerar que son actuacións que complementan a programación dos servizos sociais do Concello de Lugo.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, o Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

#### **Artigo 2. Requisitos esixidos ás entidades beneficiarias.**

Poderán presentar solicitude de subvención nesta convocatoria as asociacións ou entidades xurídico privadas sen ánimo de lucro que cumpran **todos** os requisitos seguintes na data de remate de presentación de solicitudes:

a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no Concello de Lugo.

Con carácter excepcional, tamén poderán incluírse aquelas entidades foráneas que pretendan executar, dentro deste termo municipal, un proxecto para o desenvolvemento de accións ou actividades que beneficien á

veciñanza de Lugo e que se atopen en situación de desvantaxe. Este punto acreditarase a través da memoria de solicitude de subvención Anexo II ou Anexo III segundo o suposto.

b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundacións ou calquera outro rexistro público.

c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e coa Seguridade Social.

d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

f) Desenvolver actividades ou programas que teñan **exclusivamente** como persoas beneficiarias a algún dos seguintes colectivos en risco de exclusión social:

-menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.

-persoas paradas de longa duración.

-familia, infancia, persoas maiores.

-persoas con discapacidade (física, psíquica e/ou sensorial) ou que padezan enfermidades mentais ou enfermidades terminais.

-persoas afectadas por doenzas ou enfermidades permanentes

-persoas reclusas e/ou ex-reclusas.

-persoas sen fogar e/ou transeúntes.

-persoas que presente problemas de toxicomanías (alcohólicas e drogodependentes).

-persoas inmigrantes e/ou persoas beneficiarias de protección internacional.

-minorías étnicas.

-outro colectivo en risco de exclusión social.

g) Non percibir, durante este exercicio económico ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2023 nin ter adxudicada subvención doutra área ou concellería municipal na data da reunión da comisión de avaliación.

h) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.

i) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Será causa de inadmisión da solicitude presentada o incumprimento de calquera dos requisitos esixidos anteriormente ditándose a correspondente resolución que será notificada á entidade solicitante.

### **Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións**

No orzamento municipal para o exercicio de 2023 existe consignación orzamentaria para a adxudicación de subvencións desta convocatoria como a continuación se indica.

| Servizo          | Aplicación orzamentaria     | Importe  |
|------------------|-----------------------------|----------|
| SERVIZOS SOCIAIS | 23179.48900<br>RC.4510/2023 | 38.000 € |

### **Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes**

As solicitudes de subvención xunto coa documentación esixida presentárase por medios electrónicos, segundo establece o art 14.2 Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP.

Con expresa indicación que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal: *“considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación”*.

A convocatoria para a adxudicación das subvencións previstas nas presentes bases, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DIAS HÁBILES**, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo as bases xerais publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Lugo.

#### **Artigo 5. Documentación a achegar coa solicitude de subvención**

A solicitude (**ANEXO I**) deberá ir acompañada da seguinte documentación agás que xa estivera en poder do Concello de Lugo por tela presentado en anteriores convocatorias e esté en vigor. Esta circunstancia deberá facerse constar xunto coa identificación do procedemento no que conste.

A solicitude inclúe o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada e a autorización ao Concello para comprobar das diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.

#### **a) Documentación para as asociacións:**

-Fotocopia do CIF.

-Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante e documento acreditativo da representación que ostenta na asociación.

-Copia dos estatutos na cal deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público de asociacións.

- **ANEXO II** cando a subvención solicitada sexa para o desenvolvemento de actividades ou programas, neste anexo deberase facer constar en todo caso, descrición da actividade a financiar, obxectivos, relación de gastos e ingresos, obxectivos, etc. Os apartados deste anexo poderán ser ampliados nunha memoria complementaria co obxecto de acadar unha mellor avaliación do proxecto.

- **ANEXO III**, cando a subvención solicitada sexa para o financiamento de gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación ou entidade. Neste anexo deberase facer constar en todo caso o equipamento do local, réxime de posesión ou uso, descrición do gasto e xustificación da súa necesidade. Os apartados deste anexo poderán ser ampliados nunha memoria complementaria co obxecto de acadar unha mellor avaliación do proxecto.

-Declaración responsable, segundo modelo que figura no **ANEXO IV** destas bases, acreditativa:

1.Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

2.De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. Naquelas nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros poderase substituír a presentación das certificacións pola declaración responsable por parte da entidade beneficiaria, de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento de la Ley 38/2003, Xeral de Subvencións.

4.De que a entidade non se encontra inhabilitada nen está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2023.

-Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.

-Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia ou departamento de muller e igualdade, ser o caso.

-Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller, de ser o caso.

-Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude segundo os criterios recollidos no art 8.

#### **b) Entidades xurídico privadas ou outras entidades públicas.**

Deberán achegar a maiores da documentación sinalada anteriormente a seguinte documentación:

-Se a entidade é unha fundación, deberá achegar acreditación de estar inscrita no Rexistro de fundacións da Xunta de Galicia ou estatal ou en ambos os dous.

-Se a entidade é de índole relixiosa, deberá achegar acreditación de estar inscrita no Rexistro de entidades relixiosas da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións ou en calquera outro rexistro público que a acredite como tal.

O Concello poderá solicitar, se así o estima convinte para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

#### **Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes particularidades:

-As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao departamento de servizos sociais.

-O procedemento instruírse nos servizos sociais polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentes/as de Alcaldesa delegados/as de Area e nos/as Concelleiros delegados conforme o acordo da Xunta de Goberno Local nº 40/607 do 26.07.23.

#### **-Comisión avaliadora da Area de Cohesión Social:**

##### Composición:

Presidenta : Xefa de servizo de servizos sociais.

Vogais: Un funcionario coa categoría de técnico/a adscrito a servizos sociais

Un funcionario coa categoría de técnico/a adscrito ao servizo de intervención.

Secretaria: funcionario coa categoría de técnico/a adscrito ao servizo

Excepcionalmente, o posto de secretaria e de vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

##### Funcións:

Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instructor do procedemento.

#### **- Órgano instructor:**

##### Funcións:

-Requirirle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

Tendo en conta o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación xustificativa de criterios de avaliación puntuables. A non xustificación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 8 implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio.

-Requirir os informes e efectuar as comprobacións que estime necesarias para verificar os datos achegados co fin de realizar unha correcta avaliación das solicitudes.

-Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento dos requisitos impostos para adquirir a condición de persoa ou entidade beneficiaria e efectuar a avaliación de acordo cos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de avaliación de cada un dos expedientes de solicitude.

-O órgano instructor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Cohesión Social.

-O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.



A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

-Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

-A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

-As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto do orzamento presentado para solicitar a subvención deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade.

No caso de que exista sobrefinanciamento, a entidade beneficiaria deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

#### **Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas**

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **Artigo 8. Criterios de avaliación e cálculo do importe da subvención**

A puntuación de cada proxecto efectuarase pola Comisión de Avaliación seguindo a aplicación dos seguintes criterios cun máximo de 25 puntos.

|                                                                                                                      |              |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| <b>1. Interese xeral da actividade ou programa. Valorarase especialmente a súa incidencia real na colectividade.</b> | <b>Ata 3</b> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|

- Puntuación interese xeral: 1,5 puntos.

No interese xeral da actividade ou programa terase en conta se a actividade é aberta, é dicir, dirixida a toda a poboación ou a un colectivo amplo de persoas, ou está dirixida ás persoas socias da entidade.

Toda a poboación ou a un colectivo moi amplo de persoas beneficiarias: 1,5 puntos.

Unicamente socios: 0,5 puntos

- Puntuación da incidencia real: 1,5 puntos.

Na incidencia real terase en conta a cuantificación das persoas destinatarias do programa ou actividade. (\*)

+ 50 persoas beneficiarias: 1,5 puntos

Entre 15 a 50 persoas beneficiarias: 1 punto

Menos de 15 persoas beneficiarias: 0 puntos.

(\*) *esta circunstancia deberá ser xustificada na memoria achegada.*

|                                                                                      |              |
|--------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| <b>2.Especialización na atención a colectivos aos que vai dirixida a actividade.</b> | <b>Ata 3</b> |
|--------------------------------------------------------------------------------------|--------------|

Neste criterio terase en conta o número de profesionais contratados pola entidade.

- máis de 3 profesionais contratados : 3 puntos

- de 1 a 3 profesionais contratados : 1,5 punto

- ningún profesional contratado: 0 puntos.

|                                                                                                                  |              |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| <b>3.Claridade e rigor da presentación e redacción do programa a subvencionar. Rigoroso detalle orzamentario</b> | <b>Ata 3</b> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|

Na claridade e rigor na presentación valorarase a correcta descrición da actividade e a amplitude da información. Puntuación 1,5 puntos.

No rigoroso detalle orzamentario valorarase a correcta formulación do mesmo e a coherencia co proxecto ou actividade presentada. Puntuación 1,5 puntos.

|                                                                                              |              |
|----------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| <b>4.Carácter permanente e continuo da actividade ou programa durante os últimos 3 anos.</b> | <b>Ata 2</b> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|

No carácter permanente valórase o número de anos que levan desenvolvendo a actividade. 1 punto.

- 3 anos: 1 punto
- 2 anos: 0,5 puntos
- 1 ano: 0 puntos.

Na continuidade da actividade valórase o desenvolvemento da mesma ao longo de todo o ano natural.

- desenvolvemento anual: 1 punto
- non ten duración anual: 0 puntos.

|                                                                                                                                                                                     |              |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| <b>5.Que se trate de entidades ou asociacións que presenten, a xuízo da comisión de avaliación unha traxectoria de coordinación e colaboración nas súas actuacións co Concello.</b> | <b>Ata 5</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|

Coordinación a través da derivación de persoas usuarias de servizos sociais: 5 puntos

Colaboración mediante a realización de actividades puntuais: 2,5 puntos

Non teñen coordinación ou colaboración co concello: 0 puntos.

*\*Non se valora como colaboración ou coordinación o feito de recibir subvención municipal ou ter un local cedido.*

|                                                                                                                                                     |              |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| <b>6. Que se trate de entidades que participen nas actividades organizadas dende o Concello. Terase en conta o ano anterior ao da convocatoria.</b> | <b>Ata 5</b> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|

Participou en máis de 4 actividades: 5 puntos.

Participou en máis de 1 a 4 actividades: 2,5 puntos

Participou en 1 actividade: 0 puntos.

|                                                                                                                                                   |                     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| <b>7.Que se trate de actuacións dirixidas a colectivos en especial situación de desvantaxe ou con especiais dificultades de inserción social.</b> | <b>Ata 3 puntos</b> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|

Tendo en conta que o feito de ir dirixida a un colectivo en risco de exclusión é un requisito para participar na convocatoria, só se puntuarán aqueles proxectos dirixidos a máis de 1 colectivo.

- programa ou actividade dirixido a 5 ou máis colectivos: 3 puntos
- programa ou actividade dirixidos entre 2 a 4 colectivos: 1,5 puntos
- programa ou actividade dirixida a 1 colectivo: 0 puntos.

|                                                                                                                           |                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| <b>8 Que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade que desenvolva actividades neste eido.</b> | <b>1 puntos</b> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|

A entidade conta cunha vogalía de muller ou igualdade con xustificación da realización de actividades: 1 punto.

Non conta con vogalía de muller ou igualdade ou non realiza ou non xustifica a realización de actividades: 0 puntos.

Advírtese que para a valoración dos criterios expostos os mesmos deberán xustificarse necesariamente a través da memoria presentada, (ANEXO I ou ANEXO II), admitíndose a presentación de calquera outro documento complementario xustificativo.

2. Denegaráselles a subvención ás entidades:

a) Cuxos programas e/ou actividades non acaden unha puntuación mínima igual ou superior ao 30% da puntuación total (7,5 puntos).

b) Que soliciten subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción subvencionada, segundo o orzamento presentado xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade.

3. Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes que, reunindo os requisitos, iguallen ou superen a puntuación esixida, calcularase o valor punto. Para isto, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorrátase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

4. A contía a outorgar a cada entidade será a resultante de multiplicar o valor punto polo número de puntos obtidos por cada unha delas sen que, en ningún caso, as cantidades individuais a outorgar poidan superar os seguintes límites

| <b>Tramos puntuación</b>          | <b>Contía máxima a outorgar</b> |
|-----------------------------------|---------------------------------|
| 1º tramo: de 7,5 a 15,00 puntos   | 1.700,00 €                      |
| 2º tramo: de 15,01 a 20,00 puntos | 3.350,00 €                      |
| 3º tramo: de 20,01 a 25,00 puntos | 5.000,00 €                      |

Se a contía resultante dos cálculos aritméticos é superior á contía da subvención solicitada, concederáse esta última.

O importe sobrante, de ser o caso, distribuírse con idéntico criterio e nun único prorrateo dacorco cos criterios anteriores.

#### **Artigo 9. Gastos subvencionables**

1-Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación e en todo caso dentro do ano 2023. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.

2-Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como:

- a) Gastos de persoal necesarios para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas, ata un límite do 80% do importe do orzamento que se se presente.
- b) Gastos de alugamento.
- c) Gastos de desprazamento ou aloxamento imprescindibles para o desenvolvemento da actividade ou programa.
- d) Gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados.
- e) Adquisición de material non inventariable, vestiario, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...).

No caso de que se acheguen facturas relativas a combustible ou teléfono deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención. Os gastos de combustible en ningún caso poderán superar o importe total de 300 € e deberán acompañarse de documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola asociación ou entidade beneficiaria e a vinculación do gasto á actividade ou programa subvencionado.

f) Outros gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, como por exemplo: publicidade, imprenta, etc.

#### **3-Non serán subvencionables:**

- Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
- Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.
- Os impostos e taxas municipais.
- En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención.

#### **Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención**

Concedida a subvención e para proceder ao seu cobramento, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento. Esta presentación farase de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4a do mesmo texto legal.

Con expresa indicación que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal: *“considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación”*.

**Documentación a achegar:**

a) Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos), segundo os modelos que figuran nestas bases como o **ANEXO V** para actividades e o **ANEXO VI** para mantemento. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

Deberase acompañar, se é o caso, de exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.

No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención. Ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado.

No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase achegar un informe explicativo destas, segundo os modelos que figuran nestas bases como **ANEXO V** para actividades e **ANEXO VI** para mantemento.

b) As facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e do Rd1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda.

As facturas ou outros documentos de valor probatorio deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos e, en todo caso, deberá xustificarse o **pagamento** da totalidade das facturas por calquera dos seguintes medios:

- Xustificante do banco da orde de transferencia ou da notificación da domiciliación realizada ou extracto da conta corrente na que figure o cargo da transferencia realizada, selada pola entidade financeira. En todo caso, estarase ao disposto no art 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra a Fraude Fiscal, que establece que non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervincentes actúe en calidade de empresario ou profesional, cun importe igual ou superior a 1.000€ ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

- Copia del cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.

Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo donde conste a expresión: “recibín en efectivo”, o nome, DNI, firma e selo do cobrador; a identificación da factura correspondente e a súa data de pagamento. Admitiranse os “comprobantes de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

- Documento xustificativo do pagamento con tarxeta, que deberá ser de débito e figurar obrigatoriamente a nome da entidade.

- O pagamento dos gastos da Seguridade Social xustificárase co recibo da Liquidación de Cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben do comprobante bancario que acredite o dito pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícanse co modelo 111 co selo da caixa ou certificación mecánica se se paga por ventanilla ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Ao mesmo tempo deberase achegar o modelo 190 co resumo anual do IRPF.

No suposto de recibos a nome de persoas deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. En todo caso deberán xustificar a práctica da retención do IPRF que resulte procedente segundo a normativa aplicable.

c) Declaración responsable segundo o modelo que figura no **ANEXO VII** destas bases, acreditativa:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

-Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

-Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).

d) Certificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda e Tesourería Xeral da Seguridade Social. Naqueles supostos nos que a contía da subvención outorgada non supere o importe de 3.000 €, estas certificacións poderán substituírse por unha declaración responsable da entidade beneficiaria, de que se atopa ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e social. Todo isto ao abeiro do art 24.4 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

En canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, solicitarase de oficio trala autorización outorgada no Anexo I.

e) No suposto de solicitar e/ou recibir outras subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da mesma actividade ou programa subvencionado, será requisito imprescindible presentar copia da relación de gastos presentada na entidade correspondente (con xustificante de presentación). Todo isto co obxecto de verificar pola unidade xestora a inexistencia de sobrefinanciamento.

Se a documentación xustificativa ten algún defecto ou a mesma está incompleta, realizarase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. De non contestar a este requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

#### **Artigo 11. Contía para xustificar**

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día. Esta porcentaxe refírese ao 10% do orzamento da actividade inicialmente presentado, por canto ten incidencia na valoración da actividade, con independencia do gasto total efectivamente realizado.

De non ter xustificado o importe esixido a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos como gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía necesaria. Entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e, xa que logo, a perda do dereito do cobramento da subvención cando o importe xustificando non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que poidan proceder dacordo á normativa reguladora das subvencións públicas.

#### **Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias**

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións ademais das seguintes:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.
- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...
- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2023.

#### **Artigo 13. Data límite para xustificar**

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 denovembro de 2023**. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Esta circunstancia comunicáraselle á entidade beneficiaria concedéndolle un prazo de dez

días para cumprilo, advertíndolle que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobramento da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

#### **Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións**

1-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3-O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Artigo 15. ANEXOS NORMALIZADOS: I, II, III, IV, V, VI e VII.**

Os apartados destes modelos poderán ser ampliados nunha memoria complementaria, de estimalo así a entidade solicitante.

#### **ANEXOS SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN:**

ANEXO I.- Solicitude de subvención

ANEXO II.- Proxecto para a solicitude de gastos para o desenvolvemento de programas e actividades co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO III.- Proxecto para gastos de mantemento de conservación e pequenas reparacións de infraestruturas, co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO IV.- Declaración responsable común a todas as solicitudes.

#### **ANEXOS XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN:**

ANEXO V.- Memoria económica de gastos e ingresos efectuados no desenvolvemento do programa ou actividade.

ANEXO VI.- Memoria económica de gastos e ingresos efectuados para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que a entidade desenvolve a súa actuación.

ANEXO VII.- Declaración responsable común a todas as solicitudes.

Lugo, 29 de setembro de 2023.- A tenente de alcaldesa da Área de Cohesión Social, Ana María González Abelleira.

## ANEXO I



CONCELLO DE LUGO

## ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AS ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DO BENESTAR SOCIAL (EXERCICIO ECONÓMICO 2023).

## DATOS DA ASOCIACIÓN / ENTIDADE

|                                                                                                      |                |           |                        |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|-----------|------------------------|
| NOME:                                                                                                |                | CIF:      | Nº REXISTRO MUNICIPAL: |
| ENDEREZO SOCIAL:                                                                                     |                |           | CONCELLO:              |
| PROVINCIA:                                                                                           | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: | CORREO ELECTRÓNICO:    |
| PERTENCE A UNHA FEDERACIÓN / AGRUPACIÓN:<br><input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI |                |           |                        |
| INDICAR CAL:                                                                                         |                |           |                        |

## DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

|                                                    |          |
|----------------------------------------------------|----------|
| NOME e APELIDOS:                                   | NIF/NIE: |
| CARGO NA ASOCIACIÓN:                               |          |
| CORREO ELECTRÓNICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN |          |

## DATOS DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:

|                                   |
|-----------------------------------|
| DENOMINACIÓN:                     |
| IMPORTE TOTAL DO ORZAMENTO:       |
| IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA: |

- Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.
- Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.
- Autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

**NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria**

Lugo, a de de 2023

Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

Á solicitude xuntaráselle a seguinte documentación, que se presentará de acordo cos modelos dos anexos:

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante e documento acreditativo da representación que ostenta na entidade ou asociación.
- Certificación da conta bancaria da asociación.
- Declaración responsable para os efectos de solicitar segundo modelo ANEXO IV.
- Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia ou departamento de muller e igualdade, se fose o caso.
O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houberse resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación por resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

**-Recurso Contencioso-Administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

R. 3117

### *Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público través do presente anuncio, o contido do acordo da Xunta de Goberno Local 15/719 adoptado na sesión celebrada o 27/09/2023 sobre aprobación das BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS INDIVIDUAIS PARA DESPRAZAMENTO EN TAXI ADAPTADO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA E MOBILIDADE REDUCIDA RECOÑECIDA. (EXERCICIO ECONÓMICO 2023).-a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, **no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do referido acordo Nº 15/719 da Xunta de Goberno Local:

**PRIMEIRO.-** Que se proceda á convocatoria pública, para o exercicio 2023, das subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrência competitiva.

**SEGUNDO.-** Que se aprobe o gasto de 5.000 € a que ascende o importe total das subvencións que os servizos sociais outorgarán a esta finalidade con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900. Convocatoria de subvencións. Taxi adaptado.

**TERCEIRO.-** Que se aproben as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓNS INDIVIDUAIS PARA DESPRAZAMENTO EN TAXI ADAPTADO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA E MOBILIDADE REDUCIDA RECOÑECIDA. (EXERCICIO ECONÓMICO 2023).-

#### **Primeira.- Obxecto da convocatoria**

Esta convocatoria ten por obxecto regular, para o exercicio económico de 2023, a concesión de subvencións individuais para transporte en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida que cumpran cos requisitos esixidos nas presentes bases.

Para o non previsto, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, o Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

#### **Segunda. Persoas beneficiarias. Requisitos:**

1- Ter cumprida unha idade mínima de 4 anos.



2- Estar empadroad/a no Concello de Lugo cunha antigüidade mínima de 1 ano con anterioridade á data de presentación da solicitude e durante a percepción desta.

3- Ter recoñecida unha discapacidade física permanente igual ou superior ao 33 % ou ben sexan pensionistas da seguridade social por ter recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez e ter recoñecida a mobilidade reducida.

Aos efectos da presente convocatoria e segundo o Baremo de valoración de discapacidades aprobado polo Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, considérase que unha persoa ten mobilidade reducida cando no ditame técnico facultativo que acompaña ó certificado do grado de discapacidade, no apartado relativo á existencia de dificultades para utilizar transportes colectivos, consta algunha das seguintes circunstancias:

a) a persoa valorada está incluída no apartado A (usuario en cadeira de rodas) ou apartado B (depende absolutamente de dous bastóns para deambular).

b) a persoa valorada obteña unha puntuación como mínimo de 7 puntos.

4-Non ser propietario/a de vehículo nin a persoa solicitante nin ningún membro da unidade de convivencia agás que se xustifique que este non estea adaptado.

Situacións especiais: as persoas que pola súa situación de discapacidade exercitaran dereitos e obtiveran beneficios para a adquisición e/ou adaptación dun vehículo, poderán solicitar estas axudas soamente para os períodos e/ou viaxes en que, por causas sobrevidas e debidamente xustificadas, se vexan imposibilitadas para utilizar éste.

Todo isto sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nesta disposición.

5- Para as persoas que traballen, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo do dito beneficio.

6- Non dispór duns recursos económicos persoais superiores a 2,25 veces o IPREM vixente, 12 pagas (15.633,54 € anuais, incremento IPREM aprobado conforme aos orzamentos xerais do estado ano 2023).

7- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Xunta de Galicia, coa Dirección Territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social e co Concello de Lugo.

8- Ter regulamentariamente xustificadas as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercicios económicos anteriores.

9-Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10-Ter solicitada a axuda de transporte sanitario facilitada polo SERGAS, cando o desprazamento veña motivado por razóns de saúde e sexa facilitado por este organismo. A dita comprobación e verificación levarase a cabo pola unidade xestora e realizarase no prazo de xustificación, comportará a perda da axuda municipal no caso de non terse solicitado ou terse concedida a través do SERGAS.

11-Non ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.

Todos estes requisitos deberán cumprirse na data de remate de presentación de solicitudes e será causa de inadmisión da solicitude presentada o incumprimento de calquera dos requisitos esixidos anteriormente ditándose a correspondente resolución que será notificada á entidade solicitante.

### Terceira. Créditos orzamentarios e contía da subvención.

No orzamento municipal para o exercicio de 2023 existe consignación orzamentaria para a adxudicación de subvencións como a continuación se indica:

| Servizo                               | Aplicación orzamentaria    | Importe |
|---------------------------------------|----------------------------|---------|
| BENESTAR, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES | 23179.48900<br>RC4512/2023 | 5.000 € |

Segundo o disposto no art 55. 1 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, **queda exceptuado o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente e se acade a contía máxima subvencionable, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.**

A contía máxima da axuda a cada persoa solicitante será de 800 € anuais a excepción das persoas empadroadas na zona rural, no dito caso o límite máximo da contía subvencionable establécese en 1.000 € anuais.

De ser preciso realizar unha orde de prelación entre as solicitudes os criterios de avaliación serán os seguintes

| CRITERIO DE AVALIACIÓN                                              | PUNTOS |
|---------------------------------------------------------------------|--------|
| Acreditar uns ingresos mínimos entre 0 e 1 veces o IPREM            | Ata 5  |
| Acreditar uns ingresos mínimos entre máis de 1 e 2 veces o IPREM    | Ata 2  |
| Acreditar uns ingresos mínimos entre máis de 2 e 2,25 veces o IPREM | Ata 1  |

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Para elo, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorrátase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as persoas solicitantes de subvención ata chegar ao máximo da contía máxima subvencionable.

#### **Cuarta.- Forma e prazo de presentación das solicitudes.**

As persoas interesadas presentarán a súa solicitude de subvención no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DIAS HÁBILES**, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

#### **Quinta-Documentación para achegar coas solicitudes de subvencións.**

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

##### **a)-De carácter persoal:**

- Solicitude segundo modelo normalizado (ANEXO I destas bases)
- DNI/NIE/Pasaporte da persoa solicitante ou, de ser o caso, do seu representante legal
- Fotocopia do Libro de Familia, de ser o caso.
- Certificado de empadramento agás que se autorice expresamente ao Concello de Lugo para a comprobación, de oficio, da circunstancia de estar empadornado.
- Certificación de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou resolución do INSS de ter dereito a incapacidade permanente (total, absoluta ou grande invalidez) xunto coa solicitude de ter instado certificado do equipo de valoración e orientación, en todo caso para os efectos de resolver a solicitude deberá acreditarse a circunstancia da mobilidade reducida segundo o establecido na cláusula segunda destas bases.
- Informe médico emitido pola Sección de Cualificación e Valoración de Discapacidades acreditativo da circunstancia da mobilidade reducida (só para o suposto de que esta circunstancia non se reflicta na certificación de discapacidade)

##### **b)-De carácter económico.**

- Fotocopia da declaración da renda da persoa solicitante correspondente ao último exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vencese na data de presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Axencia Estatal Tributaria de non ter a obriga de presentala e certificación ou certificacións das correspondentes entidades pagadoras de ser o caso.

No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma de ingresos da parella, e terá que achegar a mesma documentación ca persoa solicitante.

- Se o solicitante carecese de ingresos, valoraranse os ingresos da/s persoa/s das que dependa economicamente (pai, nai, titores, etc.). Neste caso achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa, correspondente ao último exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vencese na data de presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Axencia Estatal Tributaria de non ter a obriga de presentala, e certificación ou certificacións das correspondentes entidades pagadoras, de ser o caso.
- As persoas pensionistas deberán aportar certificación anual do organismo correspondente acreditativa das cantidades percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria, ou certificación negativa de non percepción de pensión.
- As persoas traballadoras deberán aportar declaración xurada de non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo do dito beneficio. (ANEXO II)

- Declaración responsable de non ser titular de vehículo automóbil propio nin ningún membro da unidade de convivencia. (ANEXO II)
- Declaración responsable de utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal de Lugo, agás viaxes excepcionais fundamentados e que se deberán xustificar. (ANEXO II)
- Declaración responsable de ter solicitada a axuda transporte sanitario facilitada polo Sergas. (ANEXO II)
- Declaración responsable da persoa solicitante acreditativa de non encontrarse inhabilitada ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de persoa beneficiaria de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (ANEXO II)
- Declaración responsable das subvencións ou axudas solicitadas e/ou percibidas pola persoa solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención. (ANEXO II)
- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, obrigas fronte á Seguridade Social e co Concello de Lugo. (ANEXO II)

No momento da xustificación da subvención, tendo en conta que a contía máxima financiable non excede de 3.000 € e segundo o establecido no Art 24.4 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, este aspecto poderá acreditarse a través dunha declaración responsable.

Certificación bancaria do número de conta da persoa beneficiaria para realizar o ingreso da subvención adxudicada.

- Outros documentos que se estimen oportunos

A unidade xestora poderá solicitar calquera outra documentación que se considere convinte na instrución do procedemento.

#### **Sexta.- Procedemento de tramitación e resolución das subvencións.**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas a servizos sociais.

O procedemento instruírase polo técnico ou técnica de servizos sociais que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

- Órgano instructor: funcións:

- Requirirlle á persoa solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

- Comisión avaliadora. Composición:

Presidenta/e: Xefe/a do Servizo/Sección de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores ou persoa en quen delegue.

Vogal: Un funcionario adscrito ao servizo de Benestar, inclusión e Persoas Maiores

Secretaría: Un Funcionario/a do Servizo de Benestar, inclusión e Persoas Maiores

Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instructor do procedemento.

**Sétima. Publicidade da concesión.**

Procederáse á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no art 8 da Ordenanza Xeral municipal de subvencións e o contemplado no TÍTULO II da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvención (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2002, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Oitava.- Órgano competente para resolver.**

O órgano competente para a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo se establece na base 24 das Bases de execución do presuposto municipal, no Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e do Acordo da Xunta de Goberno Local nº 40/607, do 26.7.23 no seu punto primeiro letra m) a través do cal se reserva a aprobación de bases (autorización de gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva.

**Novena.- Prazo de resolución.**

Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

**Décima.- Aceptación da subvención.**

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte hábil ao da notificación non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

**Décimo primeira.- Reformulación e subcontratación.**

Non se admite a reformulación das solicitudes. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

**Décimo segunda.- Gastos subvencionables e período de realización.**

Os gastos que se poden xustificar coa subvención concedida serán os correspondentes aos de transporte exclusivamente efectuados por calquera dos taxis adaptados existentes no municipio en Lugo. Serán financiados os desprazamentos dentro do termo municipal de Lugo.

Fóra do municipio admitiranse viaxes excepcionais debidamente xustificadas, admitindo unicamente por motivos de relacións sociais e/ou lecer un máximo de 4 viaxes ao ano.

O período de realización dos gastos será dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro do 2023.

**Décimo terceira.- Xustificación do gasto e pagamento da subvención.**

Concedida a subvención e para proceder ao seu cobramento, as entidades beneficiarias deberán presentar en **REXISTRO** a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade subvencionada:

a) Memoria xustificativa da execución da actuación subvencionada, para estes efectos deberá cumprimentar o ANEXO III destas bases.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda.

As facturas deberán conter un desglose dos servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

c) Declaración responsable segundo o modelo que figura no ANEXO III destas bases, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para a mesma actividade desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos nas presentes bases.

- Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

No suposto que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a persoa beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, ditarase a resolución que corresponda segundo a documentación obrante no expediente.

#### **Décimo cuarta.- Contía para xustificar**

A persoa beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do importe da subvención concedida. As persoas beneficiarias deben presentar, no momento da xustificación, unha relación de gastos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.

#### **Décimo quinta.- Data límite para xustificar. Pagamento.**

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de novembro de 2023**, transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que as persoas beneficiarias presenten a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle, e concederáselle un prazo de dez días para levalo a cabo.

b) Que as persoas beneficiarias non presenten a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se admite o pagamento anticipado nin pagos parciais

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

#### **Décimo sexta.- Incumprimentos, réxime de infraccións e sancións.**

Incumprimentos: a cantidade para pagar graduarase conforme aos importes xustificadas e atendendo ao principio de proporcionalidade, sempre que reúnan os requisitos necesarios.

O réxime de infraccións e sancións así como o procedemento sancionador será o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **Décimo sétima . Compatibilidade.**

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para a mesma finalidade sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o custo total da actividade. No caso de existir sobrefinanciamento, o beneficiario/a deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

#### **Décimo oitava.- Anexos.**

ANEXOS I: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO-EXERCICIO 2023.

ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN.

ANEXO III: MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN.

Lugo, 29 de setembro de 2023.- A tenente de alcaldesa da Área de Cohesión Social, Ana María González Abelleira.

## ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO (EXERCICIO 2023).-DATOS DO/DA SOLICITANTE.

NOME:

APELLIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (debidamente acreditada e só nos supostos de persoas con incapacidade xudicial recoñecida ou de menores de idade)

NOME:

APELLIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS RELATIVOS Á UNIDADE DE CONVIVENCIA.

| NOME E APELLIDOS | PARENTESCO | INGRESOS ANUAIS |
|------------------|------------|-----------------|
|                  |            |                 |
|                  |            |                 |
|                  |            |                 |
|                  |            |                 |
|                  |            |                 |

**SOLICITO**

A adxudicación dunha subvención para o financiamento dos gastos de transporte en taxi adaptado para o exercicio económico vixente por un IMPORTE DE .....(o importe máximo é de 800€).

Autorizo expresamente ao Concello de Lugo a comprobar, de oficio, a circunstancia de estar empadroad/a no Concello de Lugo, a titularidade de vehículos e a que solicite e subministre, a través de medios informáticos, ou telemáticos os meus datos contidos en ficheiros e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración, doutras administracións públicas e/ou entidades privadas co obxecto de tramitar este procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.

Así mesmo, e para o caso de resultar beneficiario/a, autorizo a remisión dos meus datos persoais aos titulares de licenza de taxi adaptado en Lugo.

Que de resultar beneficiario/a acepto as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

Lugo,                      de                                      de 2023

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal

Xúntase a esta solicitude a documentación sinalada no dorso, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS

**DOCUMENTACIÓN XERAL A PRESENTAR POLA PERSOA SOLICITANTE:**

- ☐ Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante ou da persoa representante legal.
- ☐ Fotocopia do Libro de Familia, se é o caso.
- ☐ Certificación de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou Resolución do INSS de ter dereito a incapacidade permanente (total, absoluta ou grande invalidez) xunto coa solicitude de ter instado certificado do equipo de valoración e orientación.
- ☐ Informe emitido pola Sección de Cualificacións e Valoración da Discapacidade e da imposibilidade de utilización do transporte público colectivo (só para o suposto de que esta circunstancia non se reflicta na certificación de discapacidade).
- ☐ Certificado de empadramento agás se autorice expresamente ao Concello de Lugo para a comprobación, de oficio, da circunstancia de estar empadroad/a.
- ☐ Declaración da renda e/ou certificacións conforme ao establecido na cláusula quinta
- ☐ Declaracións responsables. (ANEXO II)
- ☐ Certificación bancaria para os efectos de ingreso de ser beneficiario/a

ANEXO IIMODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓND./D.<sup>a</sup>

con DNI núm.

A.- COMO SOLICITANTE

B.- COMO REPRESENTANTE LEGAL DE D./D.<sup>a</sup>DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1.- Que (si ou non) solicitei e/ou recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

☐ SI \*☐ NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023, o/a que subscribe solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

| SUBVENCIÓN SOLICITADA | ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA | CONTÍA SOLICITADA |
|-----------------------|----------------------------------|-------------------|
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |

| SUBVENCIÓN RECIBIDA | ORGANISMO CONCEDENTE | IMPORTE CONCEDIDO. |
|---------------------|----------------------|--------------------|
|                     |                      |                    |
|                     |                      |                    |
|                     |                      |                    |
|                     |                      |                    |

2-Que estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas fiscais fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo respectivamente.

3-Que non estou inhabilitado/a nin incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

4-Que si ☐ non ☐ (marcar o que proceda) son titular de vehículo propio.

No caso de dispoñer do mesmo manifesto que unicamente vou solicitar estas axudas para aqueles períodos e/ou viaxes en que, por causas sobrevidas, e debidamente xustificadas, me vexa imposibilitado para utilizar este.

5-Que si ☐ non ☐ (marcar o que proceda) os membros da unidade familiar ou de convivencia posúen vehículo.

No caso de dispoñer del, manifesto que unicamente vou solicitar estas axudas para aqueles períodos e/ou viaxes en que, por causas sobrevidas, e debidamente xustificadas, me vexa imposibilitado para utilizalo.

6-Que me comprometo a utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal salvo viaxes excepcionais fundamentadas que serán xustificadas.

7-Que me comprometo a solicitar a axuda de transporte sanitario facilitado polo SERGAS cando proceda.

8-Que non teño recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo do dito beneficio.

9-Que non teño dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

(DNI, NIE, sinatura do/da solicitante ou representante legal)



**ANEXO III****MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN**

D./D.ª

NIF. nº:

**DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

1-Que durante este exercicio económico e con cargo á subvención concedida se realizaron (especificar número de viaxes realizadas en taxi adaptado) para desprazamentos dentro do termo municipal agás viaxes excepcionais fundamentados e que xustifico coa correspondente documentación.

2-Que o gasto realizado ascende á cantidade total de: €

**ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:**

| <u>Relación de viaxes realizados</u> | <u>Acreedor</u> | <u>Importe</u> |
|--------------------------------------|-----------------|----------------|
|                                      |                 |                |
|                                      |                 |                |
|                                      |                 |                |
|                                      |                 |                |
|                                      |                 |                |

3-Que (si ou non) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

☐ SI \*

☐ NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023, solicitei/recibín outra subvención (indicar procedencia e contía):

| SUBVENCIÓN SOLICITADA | ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA | CONTÍA SOLICITADA |
|-----------------------|----------------------------------|-------------------|
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |

| SUBVENCIÓN RECIBIDA | ORGANISMO CONCEDENTE | IMPORTE CONCEDIDO. |
|---------------------|----------------------|--------------------|
|                     |                      |                    |
|                     |                      |                    |
|                     |                      |                    |

2-A actividade para a cal se concedeu a subvención se efectuou nos termos establecidos nas bases xerais da convocatoria.

3-Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo.

**4-Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:**

- Non foron, nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de subvención pública ou privada ningunha.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

(DNI, sinatura da persoa solicitante ou da autorizada.)

Asdo.:\_\_\_\_\_

CUARTO.- O texto destas bases publicárase integramente no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP), no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo, se ben a publicación do extracto da convocatoria no BOP será a data a ter en conta para os efectos de cómputo de prazo de presentación de solicitudes,

QUINTO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante a Xunta de Goberno Local o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

R. 3118

### *Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público través do presente anuncio, o contido do acordo da Xunta de Goberno Local 17/721 adoptado na sesión celebrada o 27/09/2023 sobre aprobación das BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DE TAXI-ADAPTADO DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA RECOÑECIDA. (EXERCICIO 2023) a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, **no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do referido acordo Nº 17/721 da Xunta de Goberno Local:

**PRIMEIRO.-** Que se proceda á apertura de convocatoria pública, para o exercicio 2023, das subvencións para o mantemento de taxis adaptados destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida recoñecida de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

**SEGUNDO.-** Que se aprobe o gasto de 14.000 € a que ascende o importe total das subvencións que os servizos sociais outorgarán a esta finalidade con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

**TERCEIRO.-** Que se aproben as BASES XERAIS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA O MANTEMENTO DE TAXIS ADAPTADOS DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. (EXERCICIO 2023).-

#### **Primeira.- Obxecto da convocatoria**

Esta convocatoria ten por obxecto regular a adxudicación de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás persoas titulares de licenzas de taxi en vigor e que estén prestando o servizo de transporte público en taxi adaptado no Concello de Lugo para o financiamento parcial de gastos de mantemento dos seus vehículos. Todo isto coa finalidade de garantir a prestación do servizo de transporte público ás persoas con mobilidade reducida para o presente exercicio económico de 2023.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, o Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

#### **Segunda. Persoas beneficiarias. Requisitos:**

As persoas beneficiarias deberán cumprir os requisitos do art 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os requisitos que a continuación se relacionan, os cales deberán cumprirse na data de remate de presentación de solicitudes e manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada.

1) Ser titular dun vehículo adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida ou discapacidade (taxi adaptado).

2) Ser titular dunha licencia de taxi dentro do termo municipal do Concello de Lugo.

3) Prestar o servizo de transporte en taxi adaptado a persoas con mobilidade no termo municipal do Concello de Lugo.

4) Ter xustificadas as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Lugo, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.

5) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

6) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Xunta de Galicia, coa Dirección Territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social e co Concello de Lugo.

7) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

8) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

### **Terceira. Créditos orzamentarios e contía da subvención.**

No orzamento municipal para o exercicio de 2023 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

| Servizo                               | Aplicación orzamentaria    | Importe  |
|---------------------------------------|----------------------------|----------|
| BENESTAR, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES | 23179.48900<br>RC4511/2023 | 14.000 € |

A contía máxima subvencionable será de **2.000 €** por cada solicitude presentada.

### **Cuarta.- Forma e prazo de presentación das solicitudes.**

As solicitudes de subvención xunto coa documentación precisa, presentaranse dacordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, (LPACAP) por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o disposto no art.16.4 LPACAP.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE** días hábiles contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodeLugo.gal>), no taboleiro electrónico municipal e no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

### **Quinta-Documentación para achegar coas solicitudes de subvencións.**

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación, agás que xa estivera en poder do Concello de Lugo por tela presentado en anteriores convocatorias e esté en vigor, esta circunstancia deberá facerse constar na solicitude xunto coa identificación do procedemento no que conste a documentación.

#### **Documentación:**

- Solicitude, segundo o modelo do **ANEXO I**, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución da actividade solicitada e a autorización ao Concello para comprobar das diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.

- Copia do NIF da persoa solicitante ou o da persoa que actúa como representante, se fose o caso, así como documento acreditativo desta representación.

- Copia da licenza de taxista.

- Documentación xustificativa da propiedade dun vehículo taxi- adaptado.

- Xustificación documental da prestación do servizo de transporte en taxi adaptado a persoas con mobilidade no termo municipal do Concello de Lugo, poderá achegarse o calendario de traballo elaborado a tal efecto.

- Declaración responsable, segundo modelo que figura no **ANEXO II** destas bases, acreditativa:

1.Das subvencións ou axudas solicitadas e/ou percibidas pola persoa beneficiaria, doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

2.De que o servizo de transporte en taxi adaptado para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos nas presentes bases xerais.

3 De que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Facenda Autonómica, Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Lugo. Estas certificacións poderán substituírse pola declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real decreto

887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, tendo en conta que o importe da subvención a adxudicar non supera os 3.000 €.

4.De que a persoa solicitante non está inhabilitada nin incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.De que a persoa solicitante non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

- Certificación dos datos bancarios da persoa solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados polo interesado no que respecta ao nome, NIF e o número de conta bancaria (en formato IBAN).

- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

#### **Sexta.- Procedemento de tramitación e resolución das subvencións.**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao departamento de servizos sociais.

O procedemento instruírse no departamento de servizos sociais polo técnico ou técnica competente de dito servizo que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentes/as de Alcaldesa delegados/as de Area e nos/as Concelleiros delegados conforme o acordo da Xunta de Goberno Local nº 40/607, do 26.7.23 .

#### **- Comisión avaliadora da Area de Cohesión Social:**

##### **Composición:**

**Presidenta:** A persoa que ostente a xefatura de servizo, ou a xefatura de sección.

**Vogal:** Un funcionario coa categoría de técnico/a adscrito ao servizo.

**Secretaria:** funcionario coa categoría de técnico/a adscrito ao servizo

Excepcionalmente, o posto de secretaria e de vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

**Funcións:** Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

##### **- Órgano instrutor: funcións:**

- Requirirlle á persoa solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

- Verificación do cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o.

- O órgano instrutor formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Area de Cohesión Social.

- **Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento.** Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto deberá ser financiado exclusivamente pola persoa adxudicataria. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

#### **Sétima. Publicidade da concesión.**

Procederáse á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no art 8 da Ordenanza Xeral municipal de subvencións e o contemplado no TÍTULO II da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvención (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2002, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **Oitava.- Contía da subvención.**

A contía máxima subvencionable para cada persoa beneficiaria será de 2.000€.

Segundo o disposto no art 55. 1 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, queda exceptuado o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente e se acade a contía máxima subvencionable, (2.000€) atendendo ao número de solicitudes que cumpran os requisitos.

De ser preciso realizar unha orde de prelación entre as solicitudes os criterios de avaliación serán os seguintes:

| CRITERIO DE AVALIACIÓN                                                                               | PUNTOS           |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| Non ter recibido subvención nos últimos 5 anos, un punto por cada ano.                               | Ata 5            |
| Prestar o servizo de transporte adaptado, un 0,5 puntos por ano de servizo ata un máximo de 5 puntos | Ata 5            |
| <b>Puntuación máxima</b>                                                                             | <b>10 puntos</b> |

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario calcular o valor punto. Para isto, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratarase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as persoas solicitantes de subvención.

#### **Novena.- Órgano competente para resolver.**

O órgano competente para a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións en réxime de concorrència competitiva, é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo se establece na base 24 das Bases de execución do presuposto municipal, no Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e no acordo nº 40/607, do 26.7.23 no seu punto primeiro letra m) que establece que a Xunta de Goberno Local resérvese o exercicio das atribucións delegables seguintes “a aprobación das bases (autorización do gasto) nos expedientes en réxime de concorrència competitiva”.

O órgano competente para a adxudicación será a Tenenta Delegada da Area de Cohesión Social, por delegación da Alcaldía segundo o Decreto nº 5756/2003 do 21.06.2023 rectificado polo Decreto nº 7343/2023 do 22.08.2023.

#### **Décima.- Obrigas das persoas beneficiarias da subvención.**

As persoas beneficiarias das subvencións concedidas na presente convocatoria quedan obrigadas á prestación do servizo público de transporte en taxi adaptado a persoas con mobilidade reducida do Concello de Lugo. Este servizo deberá prestarse inexcusablemente en toda a franxa horaria da correspondente quenda de traballo, incluído horario nocturno, fins de semán e festivos.

O Concello de Lugo poderá facer calquera tipo de actuación para a verificación do cumprimento desta obriga o que poderá conlevar a redución do importe subvencionable, de ser o caso. As persoas usuarias de taxi adaptado poderán, de ser o caso, presentar a correspondente queixa ante a Comisión de Suxerencias e Reclamacións do Concello de Lugo.

#### **Décimo primeira.- Gastos subvencionables e período de realización.**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2023.

Serán subvencionables unicamente os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como:

- a)-Gastos de combustible
- b)-Gastos de mantemento do vehículo.

c)-Gastos de seguros do vehículo.

d) outros posibles gastos de mantemento do taxi adaptado.

O período de realización dos gastos será dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro do exercicio económico vixente.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustificado pola persoa beneficiaria.

#### **Décimo segunda.- Xustificación do gasto e pagamento da subvención.**

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobramento, as entidades beneficiarias deberán presentar en **REXISTRO** a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade:

a)-**Memoria explicativa da realización da totalidade da actividade subvencionada** segundo o modelo do ANEXO III que conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor, importe, data de emisión e data de pagamento.

b)-**Facturas** e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, coa acreditación **do pago mediante** xustificante do banco da orde de transferencia ou da notificación da domiciliación realizada ou extracto da conta corrente na que figure o cargo da transferencia realizada, selada pola entidade financeira.

En todo caso, estarase ao disposto no art 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra a Fraude Fiscal, que establece que non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervincentes actúe en calidade de empresario ou profesional, cun importe igual ou superior a **1.000€** ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

As facturas deberán en todo caso conter un desglose dos servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

c) **Declaración responsable** segundo o modelo que figura no ANEXO III destas bases, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade para a que se concedeu a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

- Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo. No suposto de non asinar esta declaración responsable neste punto, deberá achegar as correspondentes certificacións acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Xeral da Seguridade Social. En canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, realizaránse de oficio trala autorización outorgada a través do modelo oficial.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

. Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, ditarase a resolución que corresponda en dereito segundo a documentación obrante no expediente.

#### **Décimo primeira. Contía para xustificar**

A persoa beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do importe do orzamento achegado coa solicitude con independencia do gasto efectivo total devengado. **As persoas beneficiarias deben presentar, no momento da xustificación, unha relación totalizada de gastos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.**

#### **Décimo segunda. Data límite para xustificar. Pagamento.**

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 novembro de 2023.** Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que as persoas beneficiarias presenten a xustificación pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle, e concederáselle un prazo de dez días para levalo a cabo.

b) Que as persoas beneficiarias non presenten a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se admite o pagamento anticipado nin pagos parciais

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

**Décimo terceira. Incumprimentos, réxime de infraccións e sancións.**

A contía a aboar graduarase conforme aos importes xustificadas e atendendo ao principio de proporcionalidade, sempre que reúnan os requisitos necesarios.

O réxime de infraccións e sancións será o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Décimo cuarta.- Anexos.**

ANEXOS I: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DE TAXIS ADAPTADOS DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. EJERCICIO 2023.

ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

ANEXO III: MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

Lugo, 29 de setembro de 2023.- A tenente de alcaldesa da Área de Cohesión Social, Ana María González Abelleira.

## ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE MANTEMENTO DE TAXIS ADAPTADOS DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. EXERCICIO 2023.DATOS DO/DA SOLICITANTE.

NOME:

APELLIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME:

APELLIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS RELATIVOS ÁO VEHÍCULO TAXI PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN.

| TIPO DE VEHÍCULO | MATRICULA | NÚM. LICENZA MUNICIPAL DE TAXI | Nº DE ANOS QUE LEVA PRESTANDO O SERVIZO DE TAXI ADAPTADO |
|------------------|-----------|--------------------------------|----------------------------------------------------------|
|                  |           |                                |                                                          |

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS REALIZADOS NO DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO.

| <u>RELACIÓN DE GASTOS</u>          | <u>CONTÍA</u> |
|------------------------------------|---------------|
| - Gastos de combustible            |               |
| - Gastos de mantemento de vehículo |               |
| - Gastos de seguro                 |               |
| - Outros gastos de mantemento      |               |
| ...                                |               |
| <u>TOTAL</u>                       |               |

**SOLICITO**

A adxudicación dunha subvención para sufragar gastos de mantemento do taxi adaptado destinado ao transporte público de persoas con mobilidade reducida durante o exercicio económico vixente.

Autorizo expresamente ao Concello de Lugo a comprobar, de oficio, a circunstancia da titularidade de vehículo taxi-adaptado e a que solicite e subministre, a través de medios informáticos, ou telemáticos os meus datos contidos en ficheiros e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración, doutras administracións públicas e/ou entidades privadas co obxecto de tramitar este procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.

Que de resultar beneficiario/a acepto as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

Lugo, de de 2023

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal.

Xúntase a esta solicitude a documentación sinalada no dorso, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS



DOCUMENTACIÓN XERAL A PRESENTAR POLA PERSOA SOLICITANTE:

- Copia do DNI/NIE da persoa solicitante ou da persoa representante legal.
- Copia da licenza de taxista.
- Xustificación documental da prestación do servizo de taxi adaptado.
- Declaracións xuradas (ANEXO II)
- Certificación bancaria para os efectos de ingreso de ser beneficiario/a
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude

ANEXO IIMODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓND./D.<sup>a</sup>

con DNI núm.

A.- COMO SOLICITANTE

B.- COMO REPRESENTANTE LEGAL DE D./D.<sup>a</sup>DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1.-Que (si ou non) solicitei e recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

☐ SI \*☐ NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023, o/a que subscribe solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

| SUBVENCIÓN SOLICITADA | ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA | CONTÍA SOLICITADA |
|-----------------------|----------------------------------|-------------------|
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |

| SUBVENCIÓN RECIBIDA | ORGANISMO CONCEDENTE | IMPORTE CONCEDIDO. |
|---------------------|----------------------|--------------------|
|                     |                      |                    |
|                     |                      |                    |
|                     |                      |                    |
|                     |                      |                    |

2.Que a actividade servizo de transporte público en taxi adaptado para persoas con mobilidade reducida. Exercicio 2023 para a cal solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos nas bases xerais.

3.-Que estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e fronte á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente demostrando este extremo coa presente declaración responsable.

4.Que non estou inhabilitada/o nen estou incurso/o en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. Que non teño relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

3.-Que non estou inhabilitado/a nin incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

4.-Que si ☐ non ☐ (marcar o que proceda) son titular de vehículo-taxi adaptado modelo \_\_\_\_\_, matrícula \_\_\_\_\_ e con licenza municipal de taxi no concello de Lugo núm. \_\_\_\_\_.

5.-Que me comprometo a utilizar a axuda unicamente para adicar aos gastos de mantemento do vehículo-taxi adaptado destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida no Concello de Lugo.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

(DNI, NIE, sinatura do/da solicitante ou representante legal)

Asdo.: \_\_\_\_\_

ANEXO IIIMODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D./D.ª

NIF. nº:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1-Que durante este exercicio económico e con cargo á subvención concedida se realizaron (especificar número de viaxes realizadas co vehículo (marca e modelo) con matrícula provisto da licenza municipal de taxi do Concello de Lugo núm. .

2-Que o gasto realizado no mantemento de taxis adaptados destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida. Exercicio 2023 ascende á cantidade total de: €

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA.:

| <u>Relación de viaxes realizados</u> | <u>Acreedor</u> | <u>Importe</u> |
|--------------------------------------|-----------------|----------------|
|                                      |                 |                |
|                                      |                 |                |
|                                      |                 |                |
|                                      |                 |                |
|                                      |                 |                |

3 Que (si ou non) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

☐ SI \*☐ NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2023 solicitei/recibín outra subvención (indicar procedencia e contía):

| SUBVENCIÓN SOLICITADA | ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA | CONTÍA SOLICITADA |
|-----------------------|----------------------------------|-------------------|
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |
|                       |                                  |                   |

| SUBVENCIÓN RECIBIDA | ORGANISMO CONCEDENTE | IMPORTE CONCEDIDO. |
|---------------------|----------------------|--------------------|
|                     |                      |                    |
|                     |                      |                    |
|                     |                      |                    |

2- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectúase nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3- Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, o cal acredito coa presentación das correspondentes certificacións e **AUTORIZOLLE ao Concello de Lugo para os efectos de levar a cabo as comprobacións correspondentes** co Concello de Lugo.

4- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron, nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de subvención pública ou privada ningunha.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

5- A actividade, proxecto, obxectivo, programa para o que se concedeu subvención efectúase nos termos solicitados.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

(DNI, sinatura da persoa solicitante ou da autorizada.)

Asdo.:\_\_\_\_\_

CUARTO.- O texto destas bases publicárase integramente no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación da convocatoria no BOP será a data para ter en conta para os efectos de presentación de solicitudes,

QUINTO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante a Xunta de Goberno Local o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

R. 3119

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA OPERARIO/A DE MANTEMENTO ADSCRITO/A AO SERVIZO DE CULTURA, PERSOAL LABORAL TEMPORAL O 100% DA XORNADA BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO INTERINO ATA A COBERTURA DE VACANTE MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE**

En Xunta de Goberno Local de data 02.10.2023 aprobáronse as bases do proceso selectivo indicado.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 3 de outubro de 2023.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 3122

### *Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 02.10.2023, prestouse aprobación as bases e convocatoria do proceso selectivo, COMO FUNCIONARIOS, POR QUENDA LIBRE, DE DOUS AXENTES DE POLICÍA LOCAL, ESCALA BÁSICA D, GRUPO C1.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de Monforte de Lemos ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello, en horario de nove a dúas, ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles dende o día seguinte da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As bases e demais información do proceso selectivo pode ser consultada na web municipal ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

#### **BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN COMO FUNCIONARIOS POR QUENDA LIBRE, DE DOUS AXENTES DE POLICIA LOCAL, ESCALA BÁSICA DA POLICÍA LOCAL, GRUPO C1.**

##### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

1.1. O obxecto do proceso selectivo é cubrir polo sistema de oposición libre dúas prazas vacantes do Cadro de Persoal do Corpo da Policía Local de Monforte de Lemos coas seguintes características:

Número de prazas: Dous (2).

Relación de servizo: Persoal funcionario de carreira.

Escala: Administración especial.

Subescala: Servizos especiais.

Clase: Policía Local. Categoría: Policía.

Grupo de titulación: Grupo C, Subgrupo C1.

Escala segundo o artigo 24 da Lei 4/2017, do 20 de abril, de coordinación de policía locais: Básica.

Sistema de acceso: Oposición libre.

1.2. De acordo ao disposto no artigo 43.2 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, a fracción do 25 por 100 das prazas convocadas acumularase á seguinte ou seguintes convocatorias para a provisión a diario de mobilidade.

1.3. Este proceso rexerase polo establecido nestas bases e, para o non previsto, estarase ao disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais; no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, que a desenvolve; na Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía local ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, e canta outra lexislación de ámbito autonómico ou estatal resulte de aplicación.

## 2.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

2.1. As persoas interesadas en participar no proceso deberán posuír na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como persoal funcionario os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española.

b) Cumprir os dezaioito anos e non exceder, no seu caso, da idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título oficial de bacharel ou técnico. Así mesmo, estarase ao establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título a efectos profesionais.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.

g) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.

h) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidos, que presentará en forma de declaración xurada, ou segundo o modelo que se esixa na convocatoria.

i) Presentación dun informe de saúde, asinado por persoal facultativo, no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e psíquicas para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no devandito informe. Este informe de saúde debe ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física.

2.2 Os requisitos enumerados no punto anterior deberán acreditarse na data da presentación da solicitude, dentro do prazo fixado na convocatoria para estes efectos, excepto o informe de saúde recollido na letra i) do número anterior, que será entregado ao tribunal no acto de chamamento para as probas físicas, requisito necesario para a súa admisión na realización destas.

Ademais, as persoas interesadas deberán posuír estes requisitos na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación e mantelos ata a toma de posesión como persoal funcionario.

## 3.- SOLICITUDES.

**3.1. Forma de presentación. Para ser admitido/a e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, as persoas aspirantes deberán presentar solicitude dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, segundo o modelo que se facilitará na páxina web do Concello [www.monfortedelemons.es](http://www.monfortedelemons.es) e que figura no anexo I, na que farán constar que cumpren todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre ao día de finalización do prazo de presentación, e á que acompañarán a seguinte documentación:**

- a) Copia do documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente.
- b) Copia do título académico requirido para o acceso ao subgrupo C1, ou superior.
- c) Copia do permiso de conducir.
- d) Xustificante do pago da taxa.
- e) Certificado de Celga 4 ou equivalente, para os efectos da exención da proba de coñecemento do idioma galego, no seu caso.

A presentación das solicitudes e a documentación para achegar coa solicitude poderá realizarse por medios telemáticos na sede electrónica do Concello de Monforte de Lemos, presencialmente en calquera dos lugares e formas establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres laborables.

3.2. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias presentadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal. A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

3.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude por medio distinto da presentación persoal en rexistro do Concello de Monforte de Lemos, comunicárase ao servizo de Recursos Humanos a continuación utilizando a dirección de correo electrónico [rrhh@concellodeomonforte.com](mailto:rrhh@concellodeomonforte.com) ou os teléfonos 982 416537 ó 982402501. 3.4. No caso de que algún dos documentos para presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica do Concello de Monforte de Lemos, a presentación deste farase de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo 3.1..

3.5. Publicación. A convocatoria e as súas bases publicáranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Ademais publicárase un anuncio delas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, no que conste o Concello convocante, o número de prazas que se convocan, a escala e categoría á que pertencen, o sistema de acceso e unha cita dos boletíns oficiais en que figuren as bases correspondentes, que serán vinculantes para a Administración, os tribunais que avalien o procedemento de provisión e as persoas participantes.

3.6. Prazo de presentación. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial do Estado. 3.7. Idioma da primeira proba. As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado «Idioma do exame», se o texto do primeiro exercicio deberá entregarse en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez presentada a solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar a opción. Se non figura marcada ningunha das opcións, facilitarase o texto en idioma castelán.

3.8. A participación neste proceso de selección é voluntaria, e implica que se presta consentimento para realizar as probas e os exercicios psicotécnicos, aceptando que o resultado desas probas sexa empregado como factor de valoración, de conformidade co previsto nestas bases.

#### 4.- TAXAS.

4.1. Para ser admitido/a e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes é requisito indispensable ingresar na conta 2080 0126 20 3110000019 (ABANCA) a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 18'87 € prevista na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

4.2. A falta de pagamento da taxa correspondente, no seu caso, determinará a exclusión no proceso da persoa aspirante, non sendo posible a súa emenda fose do prazo de solicitudes.

4.3. A presentación do xustificante do abono das taxas non supoñerá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

4.4. Só procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos declárense indebidos por resolución ou sentenza firme ou se produciase unha modificación substancial das bases da convocatoria.

#### 5. CONSULTA E COMPROBACIÓN DE DATOS.

Para a tramitación do proceso poderanse consultar automaticamente e aplicar os datos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas aos que teña acceso, agás que a persoa interesada opoñase á súa consulta, o que fará constar na instancia.

## 6. PUBLICACIÓN DOS ACTOS.

6.1. Publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- A relación provisional de persoas admitidas e non admitidas.
- A relación definitiva de persoas admitidas e non admitidas, e data e lugar de realización da primeira proba.

6.2. Na páxina web do Concello de Monforte de Lemos publicaranse, ademais, as resolucións coas datas e lugares de celebración das restantes probas selectivas, os resultados das mesmas, a relación de persoas aprobadas e demais comunicacións deste proceso.

## 7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

7.1. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Concello de Monforte de Lemos publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na súa páxina web a resolución pola que se declare con carácter provisional ás persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como ás persoas aspirantes exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega. No caso de non existir persoas excluídas, ou que as persoas excluídas estean por motivos non emendables, a listaxe será considerado definitivo.

7.2. As persoas excluídas e as persoas declaradas non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP de Lugo, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega. Dispoñerán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, presentando debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

7.3. Non se poderán emendar a presentación de solicitude fose do prazo habilitado a este efecto nin a falta de pagamento da taxa establecida. As estimacións ou desestimacións das solicitudes de emenda entenderanse implícitas na resolución do Concello de Monforte de Lemos pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, así como a listaxe definitiva de persoas exentas e non exentas da proba de coñecementos da lingua galega, que se publicará no BOP de Lugo e na páxina web do Concello de Monforte de Lemos.

7.4 O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso. Cando, da documentación que deben presentar tras superar o proceso, despréndase que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

7.5. Na resolución pola que se declare con carácter definitivo ás persoas admitidas e excluídas, co motivo da exclusión, así como ás persoas aspirantes exentas e non exentas da realización da proba de coñecementos da lingua galega, indicaranse o lugar, a data e a hora da realización do primeiro exercicio.

## 8. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

8.1. O sistema de selección será o de oposición libre e constará de cinco exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte as persoas aspirantes que non obtivesen a cualificación mínima establecida para cada un deles.

8.2. A oposición consistirá na realización dos exercicios que se enumeran no anexo II destas bases, coa forma e sistema de cualificación descritos nel.

8.3. A orde de actuación das persoas aspirantes será a orde alfabética e comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra V, conforme ao establecido na Resolución do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 18, do 26 de xaneiro). O tribunal, unha vez finalizado o primeiro exercicio, establecerá por orde decrecente de puntuación o número de aspirantes que deberán desenvolver o resto das probas, por quedas consecutivas de resultar necesario.

8.4. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

8.5. As persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como o suposto que se describe a continuación. Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou pos parto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes nas que concorra dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese realizar, prazo que podería prorrogarse, como máximo, outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas. En calquera caso, darase por superado o proceso a aquelas persoas aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puidese ser alcanzada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento. As mulleres embarazadas que prevexan, polas circunstancias

derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso, poderán poñelo en coñecemento do tribunal achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos dous días seguintes ao do anuncio da data do exame e o tribunal determinará, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente. En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas, a efectos do proceso, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Ante a solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas realícense en calquera outra fase ou momento do proceso.

8.6. Durante o tempo fixado para a realización das probas selectivas non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria, quedando prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos, constituíndo causa de non admisión ao chamamento a simple tenencia dos mesmos.

8.7. O anuncio de realización dos exercicios publicarase na páxina web do Concello de Monforte de Lemos con dous días de antelación, polo menos, á data sinalada para o seu inicio.

8.8. Se o tribunal, de oficio ou con base nas reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anulase algunha ou algunhas preguntas incluídas na proba de coñecementos, anunciarao na páxina web do Concello de Monforte de Lemos. Neste suposto, e no caso que se realizaron, serán tidas en conta as preguntas de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto do exercicio.

8.9. As cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse no taboleiro de edictos do Concello de Monforte de Lemos e na súa páxina web. Concederase un prazo de corenta e oito horas a efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

8.10. En calquera momento do proceso, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, previa audiencia da persoa interesada, comunicarllo á Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos para que esta requíralle os documentos acreditativos do seu cumprimento. No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, supoñerá a súa exclusión do proceso.

8.11. A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso virá determinada pola puntuación do primeiro exercicio.

8.12. Tendo en conta que nos corpos de policía local de Galicia existe pouca representación feminina, no suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

a) Criterio de desempate recolleito no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal o empate se resolverá a favor da muller.

b) Menor tempo rexistrado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos.

c) Menor tempo rexistrado na proba de velocidade, carreira de 50 metros lisos.

d) En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

## **9. TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

9.1. O nomeamento do tribunal cualificador farase mediante resolución de Alcaldía, e estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes (presidente/a, tres vocais e secretario/a) pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional en que se requira para o seu ingreso a titulación de bacharelato, técnico ou superior, e a súa composición tenderá á paridade na forma legalmente establecida. O tribunal do proceso de provisión será colexiado e a súa composición haberá de axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren. Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias do Alcalde, corresponden ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cuantos informes se lle requiran derivados da súa intervención no proceso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas en orde ao correcto desenvolvemento das probas selectivas e resolución de incidencias.

9.2.- Non poderá formar parte do tribunal do proceso de provisión o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

9.3.- A pertenza ao tribunal do proceso de provisión será sempre a título individual, sen que poida ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.



9.4. Todos os membros terán voz e voto e o tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e e adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

9.5. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección que resulten de aplicación. O Alcalde poderá solicitar aos membros do tribunal e, no seu caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior. En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. A persoa que nomee ao tribunal publicará no BOP a resolución correspondente pola que se nomee aos novos membros do tribunal que substituirán aos que perderon a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

9.6. A actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría. Por acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a auto convocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar sen necesidade de citación por escrito. Das sesións realizadas polo tribunal levantarase a acta correspondente, que será asinada polo/a Secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

9.7. Por resolución do Alcalde poderase dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as valoracións que se estime pertinentes, limitándose estes asesores para prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz, pero non voto.

9.8. En ningún caso poderá o tribunal propoñer a adxudicación de prazas a un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas. Calquera proposta de adxudicación de prazas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

## **10. RELACIÓN DE PERSONAS APROBADAS E NOMEAMENTO EN PRÁCTICAS.**

10.1. Unha vez finalizado o proceso, o tribunal elaborará por orde decrecente de puntuación a lista de persoas aprobadas. O número destas persoas non poderá superar o de prazas convocadas. Así mesmo, o órgano de selección elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva cun número de persoas aspirantes que será, como máximo, igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso, non resultaron aprobadas por obter unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza. Ambas as listas serán publicadas na páxina web do Concello de Monforte de Lemos.

10.2. A partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación das prazas, as persoas que resultasen aprobadas dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles para achegar a documentación que acredite o completo cumprimento dos requisitos que se esixen no epígrafe “2. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES” destas bases, que non fosen achegados previamente durante o proceso ou, no seu caso, non estivesen ao dispor da administración actuante ou a persoa interesada non autorizase que accedese e aplicase os datos ao proceso na forma que establece a base 5., e a necesaria para o seu nomeamento como funcionarios/as en prácticas que lles sexa requirida.

10.3. As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, excepto os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela deducíse que carecen dalgún dos requisitos non poderán ser nomeadas persoal funcionario en prácticas e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

10.4. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes aprobadas serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución de alcaldía que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP). As persoas así nomeadas permanecerán na devandita situación desde o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

10.5. En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevinda ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello substituirá á persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

## **11. CURSO SELECTIVO DE FORMACIÓN E NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA.**

11.1. As persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e nos artigos 51 a 55 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro. O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Agasp, na que se indicará a data de inicio.

11.2. Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superaron con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente na condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía.

11.3. No caso da non incorporación ao curso ou de abandono de leste sen finalizalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

